



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

X leislatura  
Número 429  
8 de febreiro de 2019

Fascículo 1



CSV: BOPGDSPG-NFHZ7MJN2-3

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## SUMARIO

---

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.3. Procedementos de control e impulso

##### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

##### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

#### COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

#### Aprobación sen modificacións

##### 42305 (10/PNC-003431)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta e seis deputados/as máis

Sobre as medidas para mellorar o acollemento familiar dos nenos e nenas e adolescentes e o acollemento familiar de menores estranxeiros non acompañados

[146151](#)

#### Aprobación con modificacións

##### 41353 (10/PNC-003362)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para mellorar as condicións de vida das persoas xordocegas

[146151](#)

#### Aprobación por unanimidade con modificacións

##### 41230 (10/PNC-003353)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a dotación pola Xunta de Galicia ao novo centro de saúde da Estrada dunha base para a ambulancia do 061, así como dun lugar de descanso para os traballadores

[146152](#)

#### Aprobación por unanimidade sen modificacións

##### 42683 (10/PNC-003449)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis

Sobre a exixencia do cumprimento da normativa e dos estándares de calidade exixidos para os centros residenciais e do funcionamento da residencia de maiores de Trives (Ourense)

[146152](#)

##### 42789 (10/PNC-003454)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre o número de centros de saúde construídos e que se van construír en Galicia

[146153](#)



## Rexeitamento da iniciativa

### I 39998 (10/PNC-003219)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación existente no servizo de transporte sanitario terrestre e a convocatoria de folga no sector [146154](#)

### I 42839 (10/PNC-003457)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a situación actual da asistencia sanitaria na comarca Ulla-Umia [146154](#)

## 1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

### 1.3.8.1. Informes anuais de fiscalización das contas do sector público de Galicia

I Propostas de resolución presentadas polos grupos parlamentarios en relación cos Informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades de 2017

- 11 propostas de resolución do G. P. Popular (doc. núm. 45206) [146157](#)
- 19 propostas de resolución do G. P. de En Marea (doc. núm. 45321) [146160](#)
- 25 propostas de resolución do G. P. dos Socialistas (doc. núm. 45334) [146169](#)
- 10 propostas de resolución do G. P. do BNG (doc. núm. 45290) [146174](#)

## 1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

### 1.5.1.2. Consello de Contas

#### 1.5.1.2.3. Memoria de actividades

I Recomendacións presentadas polos grupos parlamentarios á Memoria anual de actividades de 2017

- 1 recomendación do G. P. Popular (doc. núm. 45205) [146179](#)
- 17 recomendacións do G. P. de En Marea (doc. núm. 45320) [146180](#)
- 18 recomendacións do G. P. dos Socialistas (doc. núm. 45330) [146186](#)
- 21 recomendacións do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 45314) [146190](#)

### 1.5.4. De ámbito europeo

#### 1.5.4.1. Unión Europea

I Resolución da Presidencia, do 7 de febreiro de 2019, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) nº 1303/2013 no que respecta aos recursos para a asignación específica para a Iniciativa de Emprego Xuvenil [COM(2019) 55 final] [COM(2019) 55 final Anexo] [2019/0027 (COD)]



-10/UECS-000274 (45614)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) nº 1303/2013 no que respecta aos recursos para a asignación específica para a Iniciativa de Emprego Xuvenil [COM(2019) 55 final] [COM(2019) 55 final Anexo] [2019/0027 (COD)] [146197](#)



## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.3. Procedementos de control e impulso

#### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

###### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

#### COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na súa sesión do 6 de febreiro de 2019, adoptou os seguintes acordos:

#### Aprobación sen modificacións

- 42305 (10/PNC-003431)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta e seis deputados/as máis

Sobre as medidas para mellorar o acollemento familiar dos nenos e nenas e adolescentes e o acollemento familiar de menores estranxeiros non acompañados

BOPG nº 410, do 14.01.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 7 votos a favor, 0 votos en contra e 5 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a seguir apostando polo acollemento familiar dos nenos, nenas e adolescentes que estean baixo o sistema de protección co fin de acadar máis do 60 % e de impulsar o acollemento familiar de menores estranxeiros non acompañados.»

#### Aprobación con modificacións

- 41353 (10/PNC-003362)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para mellorar as condicións de vida das persoas xordocegas

BOPG nº 397, do 13.12.2018

Sométese a votación por puntos a transacción coa emenda do G. P. dos Socialistas de Galicia, doc. núm. 45461, cos resultados seguintes:

Puntos 1 e 2: aprobados pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

Puntos 3, 4, 5 e 6: rexeitados por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.



O texto aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Colaborar co Goberno do Estado para a realización dun censo efectivo e real das persoas xordo-cegas.
2. Dirixirse ao Goberno do Estado para regular, en colaboración coas entidades sociais, a aplicación de todos os produtos dun sistema de identificación en sistema braille que indique o contido do produto, así como a instalación de códigos e lectores dos mesmos que indiquen mediante sons de que produtos se trata.»

### **Aprobación por unanimidade con modificacións**

- 41230 (10/PNC-003353)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a dotación pola Xunta de Galicia ao novo centro de saúde da Estrada dunha base para a ambulancia do 061, así como dun lugar de descanso para os traballadores

BOPG nº 397, do 13.12.2018

Sométese a votación a transacción coa emenda do G. P. Popular de Galicia, doc. núm. 45485, e resulta aprobada pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a iniciar os trámites necesarios, en colaboración co concello, para a localización anexa ao novo centro de saúde da Estrada dunha base para a ambulancia do 061 e para os seus traballadores.»

### **Aprobación por unanimidade sen modificacións**

- 42683 (10/PNC-003449)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis

Sobre a exixencia do cumprimento da normativa e dos estándares de calidade exixidos para os centros residenciais e do funcionamento da residencia de maiores de Trives (Ourense)

BOPG nº 414, do 18.01.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:



1. Realizar una inspección de maneira urxente na residencia de maiores de Trives (Ourense), para comprobar o estado no que se atopan as súas instalacións, así como que se cumpre coa ratio mínima de persoa de atención directa en réxime de xornada completa de 0,20 por residente con autonomía, e de 0,35 por residente dependente establecida pola lexislación vixente, así como garantir a vixilancia e o coidado da saúde dos residentes por persoal cualificado para esta función, coa presenza localizada de persoal médico, e coa presenza física de ATS ou DUE as 24 horas, tal e como establece a normativa actual.

En caso de detectar irregularidades na inspección deste centro, tomar todas as medidas ao seu alcance para garantir que de maneira urxente se reparen as ditas deficiencias.

2. Exixir aos centros residenciais que manteñan actualizados, permanentemente, os datos que consten no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) en canto instrumento público de publicación e de ordenación do Sistema Galego de Servizos Sociais.

3. Reforzar o labor inspector, incrementando durante a X lexislatura os recursos humanos para vixiar os incumprimentos da normativa ou estándares de calidade exixidos, adoptando en caso de que sexa necesario as medidas sancionadoras recollidas na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

4. Dotarse de maneira urxente dun sistema informático normalizado para a xestión do persoal dos centros da nosa comunidade autónoma co obxecto de facilitar a xestión, e ofrecer información precisa da cobertura efectiva das xornadas de traballo.»

- 42789 (10/PNC-003454)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre o número de centros de saúde construídos e que se van construír en Galicia

BOPG nº 414, do 18.01.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que presente neste Parlamento un informe no prazo máximo dun mes coa seguinte información:

— Relación dos 54 centros de saúde construídos, con data de inicio e de finalización e orzamento de cada un deles.

— Relación dos 20 centros de saúde que se van construír ou ampliar con data de inicio e finalización e orzamento de cada un deles.

— Relación dos 82 centros de saúde novos ou ampliados que se terán ao final de lexislatura, con data de inicio e finalización e orzamento de cada un deles.»



**Rexeitamento da iniciativa**

- 39998 (10/PNC-003219)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación existente no servizo de transporte sanitario terrestre e a convocatoria de folga no sector

BOPG nº 383, do 14.11.2018

Sométese a votación o texto transaccionado coas emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, doc. núm. 45468, e do G. P. dos Socialistas de Galicia, doc. núm. 45463, e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 42839 (10/PNC-003457)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a situación actual da asistencia sanitaria na comarca Ulla-Umia

BOPG nº 414, do 18.01.2019

Sométese a votación coa emenda do G. P. de En Marea, doc. núm. 45477, e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2019

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

**1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario****1.3.8.1. Informes anuais de fiscalización das contas do sector público de Galicia****Propostas de resolución presentadas polos grupos parlamentarios en relación cos Informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades de 2017**

De conformidade co disposto no artigo 65 do Regulamento do Parlamento de Galicia e no artigo 8 e concordantes das Normas reguladoras das relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galicia (*BOPG* núm. 400, do 30 de abril de 1993), ordénase a publicación das propostas de resolución presentadas polos grupos parlamentarios en relación cos Informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades de 2017.

- 11 propostas de resolución do G. P. Popular (doc. núm. 45206)
- 19 propostas de resolución do G. P. de En Marea (doc. núm. 45321)
- 25 propostas de resolución do G. P. dos Socialistas (doc. núm. 45334)
- 10 propostas de resolución do G. P. do BNG (doc. núm. 45290)

Total: 65 propostas de resolución.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





## 1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

### 1.5.1.2. Consello de Contas

#### 1.5.1.2.3. Memoria de actividades

### Recomendacións presentadas polos grupos parlamentarios á Memoria anual de actividades de 2017

De conformidade co disposto no artigo 65 do Regulamento do Parlamento de Galicia e no artigo 7 e concordantes das Normas reguladoras das relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galicia (BOPG núm. 400, do 30 de abril de 1993), ordénase a publicación das recomendacións presentadas polos grupos parlamentarios á Memoria anual de actividades de 2017.

- 1 recomendación do G. P. Popular (doc. núm. 45205)
- 17 recomendacións do G. P. de En Marea (doc. núm. 45320)
- 18 recomendacións do G. P. dos Socialistas (doc. núm. 45330)
- 21 recomendacións do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 45314)

Total: 57 recomendacións.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

### 1.5.4. De ámbito europeo

#### 1.5.4.1. Unión Europea

**Resolución da Presidencia, do 7 de febreiro de 2019, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) nº 1303/2013 no que respecta aos recursos para a asignación específica para a Iniciativa de Emprego Xuvenil [COM(2019) 55 final] [COM(2019) 55 final Anexo] [2019/0027 (COD)]**

-10/UECS-000274 (45614)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) nº 1303/2013 no que respecta aos recursos para a asignación específica para a Iniciativa de Emprego Xuvenil [COM(2019) 55 final] [COM(2019) 55 final Anexo] [2019/0027 (COD)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 45614, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) nº 1303/2013 no que respecta aos recursos para a asignación específica para a Iniciativa de Emprego Xuvenil [COM(2019) 55 final] [COM(2019) 55 final Anexo] [2019/0027 (COD)].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (BOPG 27 do 9 de decembro de 2016), resolvo:



1º. Trasladar o referido á Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto legislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto legislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e ao abeiro do disposto nas Normas Reguladoras das Relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galicia, presenta as seguintes **Propostas de Resolución**, aos informes de fiscalización sobre o sector público de Galicia que conteñen a fiscalización da conta Xeral da Comunidade autónoma para o ano 2016.

### Resolución núm. 1

Apróbase a Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2016.

### Resolución núm. 2

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar dando cumprimento efectivo ás recomendacións realizadas polo Consello de Contas de Galicia, no seus Informes de Fiscalización.

### Resolución núm. 3

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir cumprindo os obxectivos de déficit e endebedamento, avanzando na redución do gasto en xuros de débeda.

### Resolución núm. 4

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar reducindo o uso das modificacións orzamentarias e do gasto imputado ao seguinte exercicio.

### Resolución núm. 5

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a render telematicamente xa a Conta Xeral sobre o ano 2018 e a incluír nela revisión do contido e estrutura da súa memoria no sentido solicitado polo Consello de Contas



### **Resolución núm. 6**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a rematar no actual período de sesións a aprobación do novo plan de contabilidade da Comunidade Autónoma.

### **Resolución núm. 7**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a aprobar durante o ano 2019 unha normativa reguladora das contas bancarias da Comunidade Autónoma de Galicia que permita reforzar a información sobre estas contas mediante a súa inscrición nun rexistro autonómico.

### **Resolución núm. 8**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a completar no presente ano 2019 a posta en marcha do rexistro das entidades dependentes previsto na LOFAXGA e a establecer sistemas de identificación das entidades que poden reunir os requisitos legais para seren consideradas integrantes do sector público autonómico.

### **Resolución núm. 9**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar investindo per capita en sanidade por riba da media española e a manter a Galicia entre as Comunidade Autónomas que maior porcentaxe do seu PIB dedican á sanidade pública.

### **Resolución núm. 10**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a completar nesta lexislatura o proceso de substitución en todas as áreas sanitarias da aplicación informática SINFHOS de xestión da farmacia hospitalaria por un novo sistema informático integral que aborde todos os campos de actuación da farmacia.



## Resolución núm. 11

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a avanzar na extensión dos contratos de risco compartido en materia de farmacia e hospitalaria como os que xa comezou a asinar o SERGAS no ano 2018.

Santiago de Compostela, 04 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 04/02/2019 10:28:10**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa dos deputados e deputadas **Manuel Lago Peñas, Julia Torregrosa Sañudo, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga e Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto nas Normas reguladoras das relacións do Consello de Contas co Parlamento de Galicia, presenta as seguintes **Propostas de Resolución** aos **informes de fiscalización do sector público de Galicia que conteñen a fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2016**

### **Resolución nº 1.**

No Informe de Fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio 2016, no epígrafe III de Recomendacións, no punto 3.1 o Consello de Contas afirma o seguinte: *“En relación coas medidas adoptadas pola Comunidade Autónoma para o cumprimento das recomendacións formuladas no Informe de fiscalización do exercicio 2015, ponse de manifesto que, en xeral, non se apreciaron avances salientables, polo que, á vista do seu insuficiente grao de implantación, van ser reiteradas no presente informe”*.

Unha vez mais a Xunta incumpre de forma reiterada a necesidade de cumprir as recomendacións do consello de Contas, polo que **O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a cumprir e executar as recomendacións do Consello de Contas, evitando o continuo menosprezo as recomendacións deste organismo por parte da Xunta de Galicia nos últimos anos, de tal forma que se proceda a:**



a) abordar con urxencia unha reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa a delimitación das entidades que integran o perímetro orzamentario e da Conta Xeral, a formación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, e a regulación dos procesos de consolidación das contas destas entidades; e tamén a aprobación dun novo Plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma que cumpra co proceso de harmonización contable.

No marco destas modificacións normativas, sería aconsellable incorporar a destinada ao adianto do prazo da rendición da Conta Xeral.

b) Elaborar unha revisión profunda da memoria da Conta Xeral, incorporando información sobre todos aqueles aspectos previstos na normativa de aprobación, e en especial: da situación financeira global do sector público autonómico; da execución de beneficios fiscais; do volume de endebedamento e do grao de cumprimento dos obxectivos; do estado agregado dos compromisos de gastos futuros do sector público autonómico.

c) Adoptar as medidas lexislativas e de control parlamentario oportunas que limiten o uso excesivo do programa 621B Imprevistos e funcións non clasificadas.

d) Determinar normativamente os supostos de aplicación e a dotación anual das necesidades atendidas co Fondo de Continxencia de tal forma que respondan estritamente ao carácter de imprevistas e non discrecionais, como existe a LOEOSF.

e) Coidar, dentro das incorporacións de créditos finalistas, que o desfase temporal entre o recoñecemento do dereito e a obriga a financiar non poña en dificultade o seu financiamento por utilizar os dereitos finalistas para outras aplicacións diferentes ás que estean dirixidos. Neste sentido, o proxecto de



orzamentos debería contar cunha dotación de crédito suficiente destinada a dar cobertura ás incorporacións de fondos propios libres co obxectivo de non afectar á distribución de créditos prevista.

- f) Realizar unha adecuada planificación orzamentaria que faga posible atender sen dificultade as necesidades de gasto previstas para cada exercicio corrente, de maneira que a liquidación orzamentaria recolla a totalidade de obrigas e dereitos devindicados no exercicio en cumprimento do principio de anualidade orzamentaria.
- g) Garantir, en base ao principio de transparencia, que tanto o proxecto como a liquidación orzamentaria inclúan información suficiente e adecuada respecto ás diferenzas entre o orzamento e as contas en termos de contabilidade nacional, así como os axustes necesarios para a súa conciliación co fin de verificar o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.
- h) Incorporar un sistema completo de seguimento dos gastos con financiamento afectado, que permita coñecer de xeito fiable as desviacións de financiamento producidas no exercicio e as acumuladas desde o inicio dos proxectos de gasto.
- i) Regularizar e depurar os dereitos recoñecidos pendentes de cobro, en especial os de maior antigüidade.
- j) Incorporar os saldos das contas de habilitación e das contas restrinxidas de recadación ao saldo final de tesourería e proceder á súa contabilización e conciliación
- k) Articular os mecanismos necesarios para que a Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Consellería de Facenda poida exercer o control das contas restrinxidas de ingresos asignadas á ATRIGA en tanto os fondos das mesmas non son traspasados ás contas operativas de ingresos.





- l) Realizar as medidas oportunas para articular o orzamento de tesourería que contemple as previsións necesarias co obxecto de conseguir unha adecuada distribución temporal dos pagos e unha correcta estimación da necesidade de endebedamento da Comunidade Autónoma.
- m) En relación ao endebedamento público subministrar a información o máis ampla posible na Memoria e na Conta de Endebedamento da Conta Xeral, de xeito que se facilitara o seu seguimento e análise.
- n) Elaborar unha planificación precisa dos proxectos ou infraestruturas cuxos obxectivos xustifiquen diferir o gasto a orzamentos futuros, así como do establecemento de límites cuantitativos en función da evolución do aforro.

## **Resolución nº 2.**

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a realizar todas aquelas incorporacións que, en cada exercicio, teñan clara imputación no propio exercicio —cumprindo co principio de anualidade orzamentaria— de forma que non se repita a práctica habitual de desprazamento de gastos mediante imputación en exercicios posteriores.

## **Resolución nº3.**

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a non realizar e utilizar mecanismos de colaboración publico-privado.



**Resolución nº4.**

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a determinar de forma clara e precisa a xustificación do mecanismos polos que se difiren gastos en orzamentos futuros de determinados proxectos.

**Resolución nº5.**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a evitar o recurso continuado as modificacións de crédito, de tal forma que se cumpra con rigor o acordo parlamentar de aprobación de orzamentos.

**Resolución nº6.**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que proceda a integración das fundacións de investigación vencelladas a centros públicos do Servizo Galego de Saúde, sometendo ademais a estas á rendición de contas.

**Resolución nº 7.**

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a cumprir ca lei de saúde que outorga un carácter complementario as contratacións co sector privado no Sergas, superando o modelo actual de contratacións privadas.



**Resolución nº 8.**

O Parlamento Galego insta a Xunta a que deixe de contabilizar como inversión de carácter inmaterial o que en realidade non é mais que gasto corrente, en moitos casos simple publicidade.

**Resolución nº9.**

O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Servizo de Galego de Saúde para requirirlle que estableza mecanismos que permitan determinar e coñecer os diferentes compoñentes do gasto farmacéutico.

**Resolución nº10.**

O Parlamento Galego insta Xunta de Galicia a establecer unha idónea determinación do custe das prestacións realizadas a través de concertos.

**Resolución nº 11.**

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a superar o modelo de contratación precaria da administración autonómica Galega, nomeadamente na sanidade e no ensino público.

**Resolución nº 12.**

O Parlamento insta a Xunta a establecer mecanismos que permitan a execución mais eficaz dos recursos provintes de fondos europeos para o período 2014-2020,



mellorando o grao de execución que emiten os informes de fiscalización ao respecto do período 2007-2013.

### **Resolución nº 13.**

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a incrementar os recursos destinados ao Consello de Contas, nomeadamente naqueles destinados a contratación de persoal.

### **Resolución nº14.**

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a aplicar a lei 16/2010 de 17 de decembro de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e do II plan de Avaliación das entidades dependentes incorporando o Centro Tecnolóxico da Carne na Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

### **Resolución nº 15.**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que presente a memoria anual da Conta Xeral de tal forma que incorpore información completa sobre a execución e afectación dos beneficios fiscais.

### **Resolución nº 16.**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galiza a levar a cabo en colaboración cos axentes implicados un estudo sobre o impacto nas persoas usuarias do



incremento dos prezos en Galicia, sobre todo no referido as peaxes e os combustibles de cara a avaliar as posibilidades de introducir medidas correctoras.

## Resolución nº17.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a facer públicos tódolos gastos referidos as viaxes ao estranxeiro dos altos cargos, conselleiros e presidente, de tal forma que sexan accesibles telemáticamente a toda a cidadanía galega.

## Resolución nº18.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a cumprir coa recomendación do Consello de Contas de deixar de contabilizar como investimento financeiro o que na realidade son transferencias correntes para gastos de funcionamento.

## Resolución nº19.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a presentar un plan de reestruturación da débeda pública para asegurar a súa sostibilidade, cuestionada pola comparación entre a vida media da mesma e o aforro bruto.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas,  
Julia Torregrosa Sañudo,  
Antón Sánchez García  
Carmen Santos Queiruga  
Luís Villares Naveira

Deputados, deputadas e Voceiro do G.P. de En Marea.



**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 04/02/2019 17:11:08**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 04/02/2019 17:11:17**

**Antón Sánchez García na data 04/02/2019 17:11:32**

**Carmen Santos Queiruga na data 04/02/2019 17:11:42**

**Luis Villares Naveira na data 04/02/2019 17:11:50**



## Á Mesa da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 8.1 das normas reguladoras do Consello de Contas co Parlamento de Galicia, presenta ante esa mesa as seguintes propostas de resolución, respecto dos informes de fiscalización do sector público de Galicia que conteñen a fiscalización da conta xeral da Comunidade Autónoma de 2016.

### Resolución núm. 1

O Parlamento de Galicia reproba a falta no labor de colaboración da Xunta de Galicia co Consello de Contas, e insta á Xunta a non repetir, ano tras ano, as mesmas limitacións ao alcance.

### Resolución núm. 2

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que aborde con urxencia unha reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa a delimitación das entidades que integran o perímetro orzamentario e da Conta Xeral, a formación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, e a regulación dos procesos de consolidación das contas destas entidades.

### Resolución núm. 3

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que aborde unha anticipación na rendición da Conta Xeral ao Consello de Contas

### Resolución núm. 4

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que, en cumprimento do principio de transparencia, presente a memoria anual da Conta Xeral estruturada e completa, incorporando a información prevista na normativa de aprobación, especialmente, nos seguintes aspectos: a) Situación financeira global do sector público autonómico; b) da execución de beneficios fiscais; c) do volume de endebedamento e grao de cumprimento de obxectivos; d) do estado agregado dos compromisos de gastos futuros do sector público autonómico.



#### Resolución núm. 5

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que poña en marcha o rexistro de entidades dependentes previsto na Lofaxga e estableza sistemas de identificación das entidades que poden reunir os requisitos legais para seren consideradas integrantes do sector público autonómico.

#### Resolución núm. 6

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a implantar sen máis demora no sistema contable da Administración xeral autonómica a contabilidade financeira, dando así efectivo cumprimento ao Plan xeral de contabilidade pública de Galicia 2010.

#### Resolución núm. 7

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que obrigue a todas as entidades instrumentais autonómicas ao cumprimento das súas obrigas na rendición de contas, así como de toda a documentación necesaria que non limite o alcance dos informes.

#### Resolución núm. 8

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que adopte as medidas lexislativas e de control parlamentario que limiten o uso do programa 621B (Imprevistos e funcións non clasificadas), evitando a súa utilización como programa-ponte para realizar transferencias de crédito, permitindo os límites fixados pola normativa que impiden as transferencias directas entre as aplicacións afectadas.

#### Resolución núm. 9

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que regule os supostos de aplicación, así como a dotación anual do Fondo de Continxencia, segundo establece a LOEOSF.

#### Resolución núm. 10

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a facer unha correcta imputación contable diferenciando claramente os investimentos reais dos gastos de carácter inmaterial.





#### Resolución núm. 11

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que, cumprindo co principio de transparencia, publique información accesible acerca dos obxectivos establecidos e do seu grao de realización.

#### Resolución núm. 12

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a implantar un subsistema de rexistro contable específico para os proxectos financiados cos fondos de compensación territorial.

#### Resolución núm. 13

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a realizar en cada exercicio unicamente aquelas incorporacións de crédito que claramente teñan xustificada a súa non imputación dentro do propio exercicio, cuestión que deberá ser obxecto de control parlamentario, evitando así o habitual desprazamento de gasto a exercicios posteriores.

#### Resolución núm. 14

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incorporar un sistema completo de seguimento dos gastos con financiamento afectado, que permita coñecer de xeito fiable as desviacións de financiamento producidas no exercicio e as acumuladas desde o inicio dos proxectos de gasto, así como regularizar e depurar os dereitos recoñecidos pendentes de cobro, en especial os de maior antigüidade

#### Resolución núm. 15

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que as entidades instrumentais actualicen o marco de contabilidade pública, aprobando un novo plan galego ou acolléndose ao Plan xeral de contabilidade pública aprobado pola Administración central.

#### Resolución núm. 16

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar en 2019 un plan de viabilidade das fundacións feirais públicas que incremente as capacidades delas para xerar recursos propios.



#### Resolución núm. 17

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia, conforme ás esixencias da Lofaxga, a establecer nas axencias públicas os necesarios indicadores de xestión, para a súa debida verificación polo Consello de Contas.

#### Resolución núm. 18

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a verificar o nivel de calidade asistencial da súa rede de centros de atención ás persoas maiores adscritos á Consellería de Política Social.

#### Resolución núm. 19

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar un plan de traballo 2019-2024 para facilitar a participación das Pemes na contratación pública autonómica, en cumprimento do establecido na Directiva 2014/24/UE a propia Lei 14/2013, do 27 de decembro, de reestruturación do sector público autonómico sobre a división en lotes cando o obxecto dos contratos así o permita.

#### Resolución núm. 20

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a subministrar unha información o máis ampla posible na Memoria e na Conta do Endebemento da Conta Xeral, de xeito que se facilite o seu seguimento e análise.

#### Resolución núm. 21

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a adoptar as medidas necesarias para axilizar o ritmo de execución dos programas operativos do novo marco e reducir o número de xestores para cumprir co principio de simplificación na xestión e control dos Fondos Europeos que se establecen no novo marco 2014-2020.

#### Resolución núm. 22

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a mellorar a coordinación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma cos organismos e entes públicos e privados especializados nos sectores estratéxicos relacionados cos obxectivos programáticos do novo marco operativo 2014-2020: innovación, investigación, tecnoloxía, sostibilidade, cambio climático e economía dixital, así como a formación do persoal vinculado a estes sectores, para favorecer deste



xeito a captación de financiamento europeo nos proxectos que se poidan desenvolver nestas áreas.

#### Resolución núm. 23

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que empregue indicadores para o seguimento dos incidentes que se producen na execución dos proxectos europeos, de modo que se poidan evitar os atrasos nas certificacións e pagos aos que dá lugar o incumprimento das obrigas e condicións contraídas polos perceptores dos Fondos Europeos.

#### Resolución núm. 24

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que nas distintas bases de datos, XUMCO e Conta Xeral, se incorpore o mesmo sistema de identificación e clasificación de todos os beneficiarios de Fondos Europeos, relacionando os perceptores de fondos tramitados polo FOGGA e especificando os códigos e o nome completo das modalidades dos diferentes programas operativos de forma idéntica.

#### Resolución núm. 25

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que o sistema de baixas de créditos contabilizadas ao final do exercicio (con data 31 de decembro) sobre os remanentes de crédito non comprometidos correspondentes a Fondos Europeos (e finalistas que cofinancian) para a súa reprogramación en exercicios posteriores, non sexa utilizado tendo en conta que desvirtúa a execución orzamentaria variando notablemente os índices de execución calculados antes e despois das baixas.

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/02/2019 17:28:33**





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto nas Normas reguladoras das relacións do Consello de Contas co Parlamento de Galiza, presenta as seguintes **Propostas de Resolución** aos **Informes de fiscalización do sector público de Galicia que conteñen a fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de 2016 (10/ICON-000003)**.

### Resolución núm. 1

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a rectificar a súa política de incumprimento das recomendacións contempladas polos Informes do Consello de Contas respecto das sucesivas fiscalizacións do sector público galego. Para tal efecto, instase a asumir o compromiso de remitir un informe anual á Cámara detallando o estado do cumprimento así como a previsión de mudanzas conducentes a facelo.

### Resolución núm. 2

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a introducir medidas correctoras na planificación orzamentaria para corrixir as constantes deficiencias detectadas polo Consello de Contas, a comezar polo reiterado abuso do recurso ao Fondo de Continxencia e o uso inadecuado do *programa 621B Imprevistos e funcións non*





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

*clasificadas* para compensar a mala planificación tal e como se sinala ano a ano nos informes elaborados polo ente fiscalizador.

### **Resolución núm. 3**

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a poñer fin ao escurantismo practicado respecto do gasto farmacéutico e establecer modificacións na estrutura orzamentaria para que a información contábel permita recoñecer os diferentes compoñentes deste e posibilite a súa análise. Para unha meirande transparencia, emitírase un informe anual detallado que será remitido e debatido no Parlamento galego.

### **Resolución núm. 4**

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a iniciar un proceso de revisión do soporte contractual e da antigüidade dos concertos, con especial atención aos sanitarios, así como ás colaboracións público-privadas dos servizos públicos de cara a reorientar a organización destes cara a reversión para a xestión pública.

### **Resolución núm. 5**

O Parlamento de Galiza insta á Xunta a impulsar medidas estratéxicas que contribúan a paliar o escaso nivel de autofinanciamento dalgunhas das sociedades públicas autonómicas, como impulsar a transformación do IGAPE nun verdadeiro Instituto Galego de Crédito e avanzar no deseño dunha Banca Pública Galega que serva





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

de impulso ao financiamento público e privado neste contexto de oligopolización bancaria.

### **Resolución núm. 6**

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a iniciar un proceso de reversión das externalizacións dos servizos do ámbito hospitalario do SERGAS. En canto non se recupere a xestión pública revisaranse os criterios de adxudicación para evitar as contratas á baixa e o deterioro dos servizos e impulsaranse os mecanismos de transparencia e control que determine o Consello de Contas.

### **Resolución núm. 7**

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a corrixir a súa falta de mellora da regulación e control na construción de autovías mediante o sistema de peaxes na sombra, polo impacto que ten no futuro das arcas públicas a adquisición de compromisos de gasto con cargo a exercicios futuros.

### **Resolución núm. 8**

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a abandonar a súa política de falta de transparencia respecto da débeda pública galega, e dada a relevancia que o endebedamento autonómico ten alcanzado nestes últimos anos en termos de sustentabilidade futura das contas públicas, fornecer tal e como recomenda o Consello





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

de Contas “dunha información o máis ampla posible na Memoria e na Conta de Endebemento da Conta Xeral, de xeito que se facilitara o seu seguimento e análise”.

### **Resolución núm. 9**

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a corrixir a falta de cumprimento das recomendacións ás fundacións sanitarias públicas.

### **Resolución núm. 10**

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a reverter a constante privatización da atención á dependencia e impulsar tanto a total ocupación das prazas residenciais existentes nos centros propios como unha maior provisión de prazas residenciais de xestión exclusivamente pública cunha planificación de desenvolvemento para os próximos dez anos tendo en conta os indicadores de avellentamento e que recolla un aumento da inspección para avaliar a calidade da rede e fiscalizar o cumprimento da normativa.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 04/02/2019 13:49:42**

**Ana Pontón Mondelo na data 04/02/2019 13:49:48**





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 7.1 das normas reguladoras do Consello de Contas co Parlamento de Galicia, presenta as seguintes **Recomendacións** respecto da Memoria anual de actividade do exercicio 2017.

### Recomendación núm.1

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas a manter con carácter periódico os Informes sobre a Actividade Económico-financeira das Entidades Públicas dependentes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma.

Santiago de Compostela, 04 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 04/02/2019 10:28:22**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa dos seus deputados e deputadas **Manuel Lago Peñas, Julia Torregrosa Sañudo, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga e Luis Villares Naveira** ao abeiro do disposto nas normas reguladoras das relacións do Consello de Contas co Parlamento de Galicia, presenta as seguintes **Recomendacións á Memoria anual de actividade de 2017**.

### Recomendación nº 1.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a elaborar un informe sobre a evolución do persoal ao servizo do sector público autonómico na última década, co maior nivel de desagregación posible, incluíndo a Administración Xeral, os organismos autónomos, as axencias e entidades públicas e o resto de entidades incluídas no perímetro de consolidación.

### Recomendación nº 2.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a elaborar un informe sobre a retribución das persoas que traballan no sector público autonómico dende a perspectiva de xénero para determinar a posible existencia dunha fenda salarial e, si fora o caso, determinar os factores que a provocan para adoptar as medidas necesarias para eliminala.

### Recomendación nº 3.

O Parlamento Galicia recomenda ao Consello de Contas a elaborar un informe sobre os beneficios fiscais das diferentes figuras tributarias para analizar o custe



fiscal dos mesmos e a súa distribución segundo os niveis de renda dos contribuíntes.

#### Recomendación nº 4.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas incluír no seu plan de traballo, unha auditoría da débeda pública galega que explique os condicionantes polos que esta se ten incrementado dende o comezo dos mandatos do PP.

#### Recomendación nº 5.

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas para que elabore un informe de fiscalización da concesión do Hospital Alvaro Cunqueiro que permita coñecer os incrementos de custes producidos sobre a estimación inicial, e o diferencial sobre a Xestión directa que produce este contrato.

#### Recomendación nº 6.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a elaboración dun informe que permita coñecer o diferencias dos custes de endebedamento, que supón para Galicia acudir aos mercados financeiros en lugar de utilizar os mecanismos extraordinarios de financiamento establecidos polo Goberno Central.

#### Recomendación nº 7.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a realización dun estudo sobre a aplicación das cláusulas sociais nos contratos públicos de obras, servizos ou subministros realizados pola Xunta de Galicia así como do grao de cumprimento dos mesmos.



## Recomendación nº 8.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe de fiscalización da Fundación Cidade da Cultura.

## Recomendación nº 9.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de contas incluír dentro dos seus plans de traballo a fiscalizacións das contas da CRTVG, con especial incidencia na repercusión nos custes da entidade do recurso a utilización de produción propia externa e allea, así como do proceso de dixitalización do ente.

## Recomendación nº 10.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas incluír no seu plan de traballo a elaboración dun informe sobre o impacto na reactivación da actividade pesqueira e as economías das zonas pesqueiras, dos fondos europeos destinados e utilizados polos GAC.

## Recomendación nº 11.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que inclúa nos seus plans de actuación, a elaboración dun informe de fiscalización sobre a entidade pública Portos de Galicia.

## Recomendación nº 12.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que dentro do plan de traballo elabore un informe de auditoría sobre o servizo de comedores escolares



do ensino público, que inclúa a valoración dos custes da externalización deste servizo.

### Recomendación nº 13.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas que dentro do plan de traballo e fiscalización, realice un informe específico sobre os concertos educativos, con especial incidencia nos centros que segregan o alumnado por sexos.

### Recomendación nº 14.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de contas a elaboración dun informe sobre a aplicación da lei 6/2010 de 17 de decembro de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA) e do II Plan de Avaliación das entidades dependentes da Xunta de Galicia.

### Recomendación nº 15.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a elaboración dun informe de fiscalización dos contratos de publicidade, comunicación e protocolo realizados pola Xunta de Galicia, e do seu retorno para a entidade pública.

### Recomendación nº 16.

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a elaboración dun informe que certifique os criterios de outorgamento e sinatura de convenios con entidades locais, co obxectivo de verificar a non discriminación da súa concesión en relación coa cor política dos gobernos locais.



## Recomendación nº 17

O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas a elaboración dun informe de fiscalización sobre o proceso de contratación dos medios aéreos de rescate do servizo de Gardacostas de Galicia e dos medios aéreos do dispositivo de extinción de lumes forestais.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas,  
Julia Torregrosa Sañudo,  
Antón Sánchez García  
Carmen Santos Queiruga  
Luís Villares Naveira

Deputados, deputadas e Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 04/02/2019 17:01:43**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 04/02/2019 17:01:56**

**Antón Sánchez García na data 04/02/2019 17:02:04**



**Carmen Santos Queiruga na data 04/02/2019 17:02:10**

**Luis Villares Naveira na data 04/02/2019 17:02:16**



## Á Mesa da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 7.1 das normas reguladoras do Consello de Contas co Parlamento de Galicia, presenta as seguintes recomendacións a Memoria anual de actividades de 2017.

### Recomendación núm. 1

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a realizar un informe de fiscalización específico dos contratos de publicidade e comunicación promovidos pola Xunta de Galicia durante os exercicios 2015, 2016, 2017 e 2018.

### Recomendación núm. 2

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a realizar un informe específico de fiscalización e de auditoría operativa sobre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia dos anos 2015, 2016, 2017 e 2018.

### Recomendación núm. 3

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a realizar un informe sobre as axudas e convenios levados a cabo polo Goberno galego coas entidades locais e institucións delas dependentes, co obxecto de verificar a súa concesión en virtude de criterios obxectivos, avaliáveis e non discriminatorios, ditaminando a posible ilegalidade ou falta de xustificación das subvencións outorgadas sobre a base, unicamente, da súa orde de entrada no Rexistro ata a finalización do crédito preestablecido durante os anos 2015, 2016, 2017 e 2018.

### Recomendación núm. 4

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas para que realice un informe sobre o custo dos concertos hospitalarios realizado polo Servizo Galego de Saúde, no que inclúa o custe global concertado con cada hospital, así como o custe por servizo concertado con indicación expresa da comparativa entre o custe do servizo realizado nun hospital público e nun centro concertado, e o volume que estes concertos supoñen con respecto ao orzamento do Sergas.





#### Recomendación núm. 5

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas para que realice un informe de fiscalización sobre a Axencia Galega de Innovación correspondente aos exercicios 2015, 2016, 2017 e 2018.

#### Recomendación núm. 6

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a realizar un informe de fiscalización sobre o Asociación *Cluster* Empresarial de Turismo de Galicia.

#### Recomendación núm. 7

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a realizar un informe de fiscalización dos procesos de contratación da Axencia Galega de Turismo.

#### Recomendación núm. 8

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a fiscalizar os procedementos de contratación administrativa da Xunta de Galicia, dos seus organismos autónomos, axencias públicas e demais entidades públicas dela dependentes, tendo en conta os criterios, recomendacións e informes da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia e do Consello Galego da Competencia, sobre a incidencia da contratación pública nos mercados de bens e servizos e na economía do sector público, e con especial atención ás posibles trabas que as Pemes poidan estar encontrando para participar nas licitacións públicas.

#### Recomendación núm. 9

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a presentar un balance de xestión, execución e cumprimento de obxectivos dos programas operativos dos fondos europeos xestionados pola Administración autonómica correspondentes ao marco de financiamento 2007-2013

#### Recomendación núm. 10

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a presentar un balance provisional de xestión, así como do grao de execución dos programas operativos dos Fondos Europeos xestionados pola Administración autonómica correspondentes ao marco de financiamento 2014-2020.



#### Recomendación núm. 11

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a elaborar o informe de fiscalización de cada unha das confrarías de pescadores.

#### Recomendación núm. 12

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a elaborar un informe de fiscalización sobre os contratos de concesión 2009-2018, así como sobre os costes económicos do servizo de gardacostas marítimo de Galicia durante os anos 2009-2018.

#### Recomendación núm. 13

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a elaborar un informe de fiscalización sobre a evolución da débeda pública galega así como sobre as súas causas no período 2008-2017.

#### Recomendación núm. 14

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a elaborar un informe de fiscalización sobre o cumprimento dos acordos en materia de Responsabilidade Social da Xunta de Galicia respecto dos contratos públicos.

#### Recomendación núm. 15

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a elaborar un informe de fiscalización sobre os gastos, obxectivos e composición das comitivas das viaxes ao exterior realizadas polo presidente da Xunta, os conselleiros e os altos cargos da Administración autonómica.

#### Recomendación núm. 16

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a elaborar un informe de fiscalización sobre o impacto económico e social dos beneficios fiscais aplicados pola Xunta de Galicia durante os exercicios 2016, 2017 e 2018.

#### Recomendación núm. 17

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a elaborar un informe de fiscalización sobre a situación económica e prestación de servizos á cidadanía dos concellos de Oza dos Ríos, Cesuras, Cerdedo e Cotobade antes da fusión e despois como concellos fusionados Oza-Cesuras e Cerdedo-Cotobade.





Recomendación núm. 18

O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas a elaborar un informe de fiscalización e auditoría sobre a situación económico-financeira do Concello de Miño derivada do proceso urbanizador “Costa Miño Golf”.

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/02/2019 17:24:37**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nas normas reguladoras das relacións do Consello de Contas co Parlamento de Galiza, presenta as seguintes **recomendacións en relación coa Memoria anual de actividades de 2017 (10/MCON-000002)**.

### Recomendación núm. 1

O Parlamento de Galiza insta ao Consello de Contas a realizar un informe de fiscalización sobre o endebedamento da Xunta de Galiza, analizando especialmente a débeda e obrigas contraídas mediante fórmulas de financiamento público privado e as repercusións para as arcas públicas de non ter optado por alternativas de financiamento diferentes á banca privada.

### Recomendación núm. 2

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas elaborar unha auditoría do proceso de contratación do Son do Camiño 2018 para suplir a falta de información da Xunta de Galiza ao Parlamento Galego ao incumprir as obrigas remisión de información ao respecto.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

### **Recomendación núm. 3**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas -en vista dos incumprimentos da Xunta de Galiza dos compromisos ao respecto- elaborar unha fiscalización exhaustiva sobre o uso dos fondos Feader do expediente nº L12-413-11-063 para a creación do Centro de Tecnificación de Actividades Físico-Deportivas de Lecer e Formación da Fundación Cipri Gomes (Viana do Bolo).

### **Recomendación núm. 4**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe de fiscalización específico relativo á AXEGA, Axencia Galega de Emerxencias con especial atención ás súas contratacións, adquisicións de material e convenios de colaboración e coa inclusión dun informe no que se avalíe a á súa política de transparencia.

### **Recomendación núm. 5**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas someter a fiscalización o proceso concursal para o servizo autonómico de salvamento marítimo con helicópteros e elaborar unha avaliación sobre a anterior venta dos helicópteros por parte da Xunta de Galiza e a súa repercusión para as arcas públicas.





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

### **Recomendación núm. 6**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe no se someta a fiscalización a contratación dos medios aéreos do dispositivo de extinción de lumes forestais.

### **Recomendación núm. 7**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun informe de fiscalización sobre a xestión dos Obradoiros de Emprego financiados pola Xunta de Galiza.

### **Recomendación núm. 8**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas levar a cabo unha fiscalización específica en relación aos concertos educativos, a comezar polas entidades segregacionistas e con especial atención á análise dos criterios aplicados para outorgar ou non as axudas económicas.

### **Recomendación núm. 9**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dunha auditoría dos procesos de contratación dos servizos de comedores escolares de xestión indirecta.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

### **Recomendación núm. 10**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a elaboración dunha auditoría do destino dos recursos empregados no proxecto Life Rexenera Limia en cuxo convenio participa a Xunta de Galiza.

### **Recomendación núm. 11**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas que dentro do Informe de fiscalización do contrato de concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo que está a realizar inclúa unha análise sobre o incremento de custes respecto do inicialmente estimado de cara a avaliar a carga real que suporá para a facenda pública.

### **Recomendación núm. 12**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a someter a un informe de fiscalización as axudas concedidas polo goberno galego ao sector industrial da automoción a través do IGAPE e das subvencións da Xunta de Galiza desde o ano 2009.

### **Recomendación núm. 13**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas elaborar unha fiscalización profunda da macroconcesión de 2014 a Ferrovial para o servizo de xestión





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

integrada de varios servizos non asistenciais do Complexo Hospitalario de Ourense así como do grao de cumprimento das súas cláusulas.

#### **Recomendación núm. 14**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dunha auditoría da Fundación Camilo José Cela.

#### **Recomendación núm. 15**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dunha auditoría do proceso de adjudicación do novo Plan de Transporte.

#### **Recomendación núm. 16**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dun estudo sobre as contratacións levadas a cabo entre a Xunta de Galiza e a multinacional Indra, con especial atención aos criterios de obxectividade, transparencia e retorno social.

#### **Recomendación núm. 17**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas desenvolver unha auditoría sobre o proceso de concesión e contratación da construción do Centro de







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Saúde do Couto así como dos custos económicos asumidos pola Xunta de Galiza en materia de reparacións desde a recepción da obra.

### **Recomendación núm. 18**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas elaborar un novo informe de fiscalización da execución da contratación do SERGAS para os exercicios 2015-2019 así como das modalidades da mesma con especial atención á amortización de prazas e á temporalidade.

### **Recomendación núm. 19**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas elaborar un informe de fiscalización da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS).

### **Recomendación núm. 20**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas desenvolver unha auditoría sobre o estado das concesións saltos hidráulicos da bacía de Galiza Costa.

### **Recomendación núm. 21**

O Parlamento de Galiza recomenda ao Consello de Contas a realización dunha auditoría da Fundación da Cidade da Cultura.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**


Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 04/02/2019 16:23:38**

**Ana Pontón Mondelo na data 04/02/2019 16:23:44**





**Asunto: Propuesta de REGLAMENTO DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO por el que se modifica el Reglamento (UE) n.º 1303/2013 en lo que respecta a los recursos para la asignación específica para la Iniciativa de Empleo Juvenil [COM(2019) 55 final] [COM(2019) 55 final Anexo] [2019/0027 (COD)]**


En aplicación del artículo 6.1 de la Ley 8/1994, de 19 de mayo, la Comisión Mixta para la Unión Europea remite a su Parlamento, por medio del presente correo electrónico, la iniciativa legislativa de la Unión Europea que se acompaña, a efectos de su conocimiento y para que, en su caso, remita a las Cortes Generales un dictamen motivado que exponga las razones por las que considera que la referida iniciativa de la Unión Europea no se ajusta al principio de subsidiariedad.

Aprovecho la ocasión para recordarle que, de conformidad con el artículo 6.2 de la mencionada Ley 8/1994, el dictamen motivado que, en su caso, apruebe su Institución debería ser recibido por las Cortes Generales en el plazo de cuatro semanas a partir de la remisión de la iniciativa legislativa europea.


Con el fin de agilizar la transmisión de los documentos en relación con este procedimiento de control del principio de subsidiariedad, le informo de que se ha habilitado el siguiente correo electrónico de la Comisión Mixta para la Unión Europea: [cmue@congreso.es](mailto:cmue@congreso.es)

SECRETARÍA DE LA COMISIÓN MIXTA PARA LA UNIÓN EUROPEA





COMISIÓN  
EUROPEA



Bruselas, 1.2.2019  
COM(2019) 55 final

2019/0027 (COD)

Propuesta de

**REGLAMENTO DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO**

**por el que se modifica el Reglamento (UE) n.º 1303/2013 en lo que respecta a los recursos  
para la asignación específica para la Iniciativa de Empleo Juvenil**



## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

### 1. CONTEXTO DE LA PROPUESTA

#### • **Razones y objetivos de la propuesta**

El objetivo de la propuesta es adaptar los importes de los recursos disponibles para la cohesión económica, social y territorial establecidos en el artículo 91, apartado 1, del Reglamento (UE) n.º 1303/2013<sup>1</sup>, el importe de los recursos para la asignación específica para la Iniciativa de Empleo Juvenil (IEJ) establecido en el artículo 92, apartado 5, de dicho Reglamento y el desglose anual de los créditos de compromiso reflejados en el anexo VI de dicho Reglamento para reflejar el aumento de los recursos de la IEJ, en consonancia con el presupuesto aprobado para 2019. Más concretamente, los créditos de compromiso destinados a la asignación específica para la IEJ deben incrementarse en 116,7 millones EUR a precios corrientes, con lo que el importe total para 2019 se eleva a 350 millones EUR.

Además, a la vista de la experiencia anterior en el contexto del incremento de los recursos de la asignación específica para la IEJ, que obligó a realizar una gran cantidad de modificaciones de los programas para proveer cantidades procedentes del Fondo Social Europeo (FSE) con el fin de igualar el apoyo de la asignación específica de la IEJ, los legisladores de la UE pidieron a la Comisión que propusiera medidas de facilitación para garantizar la rápida programación de los recursos adicionales de la IEJ en 2019 con el fin de no obstaculizar el progreso general de ejecución de los programas operativos 2014-2020. Por lo tanto, la propuesta introduce disposiciones pertinentes para hacer frente a esta petición.

#### • **Coherencia con las disposiciones existentes en la misma política sectorial**

La presente propuesta es resultado del presupuesto de la Unión para 2019.

#### • **Coherencia con otras políticas de la Unión**

La propuesta es coherente con otras propuestas e iniciativas adoptadas por la Comisión Europea.

### 2. BASE JURÍDICA, SUBSIDIARIEDAD Y PROPORCIONALIDAD

#### • **Base jurídica**

La revisión refleja el incremento de los recursos para la asignación específica de la IEJ en el presupuesto de la Unión para 2019.

#### • **Subsidiariedad (en el caso de competencia no exclusiva)**

La propuesta cumple el principio de subsidiariedad.

<sup>1</sup> Reglamento (UE) n.º 1303/2013 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 17 de diciembre de 2013, por el que se establecen disposiciones comunes relativas al Fondo Europeo de Desarrollo Regional, al Fondo Social Europeo, al Fondo de Cohesión, al Fondo Europeo Agrícola de Desarrollo Rural y al Fondo Europeo Marítimo y de la Pesca, y por el que se establecen disposiciones generales relativas al Fondo Europeo de Desarrollo Regional, al Fondo Social Europeo, al Fondo de Cohesión y al Fondo Europeo Marítimo y de la Pesca, y se deroga el Reglamento (CE) n.º 1083/2006 del Consejo (DO L 347 de 20.12.2013, p. 320), modificado en último lugar por el Reglamento (UE) 2018/1719 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 14 de noviembre de 2018, por el que se modifica el Reglamento (UE) n.º 1303/2013 por lo que respecta a la modificación de los recursos destinados a la cohesión económica, social y territorial y de los recursos destinados al objetivo de inversión en crecimiento y empleo y al objetivo de cooperación territorial europea. DO L 291 de 16.11.2018, p. 5.



- **Proporcionalidad**

